

Dependencia XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
Documento	Expediente	Fecha
XOB1213YZ	XOB/500/2018	13-09-18 19:19

EXPEDIENTE: **SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, PEQUENA REFORMA OU AMPLIACIÓN DE DIVERSOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO. 2019-2020**

ASUNTO: **MEMORIA ECONÓMICA**

TIPO DE CONTRATO: **SERVIZOS**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO**

A descrición dos traballos e as condicións técnicas que rexerán o contrato para a prestación do servizo para a execución de operacións de conservación, reparación e pequena reforma de diversos edificios e instalacións (centros educativos, instalacións deportivas, centros socioculturais, edificios municipais, vivendas, etc.) e os seus espazos libres anexos dentro da parcela edificatoria (patios de recreo, instalacións interiores ao aire libre, zonas interiores de circulación ou estancia, rochos, garaxes, etc.), así como aqueles que durante a vixencia do contrato puideran ser asumidos, dependentes do Concello de Santiago de Compostela, quedan definidas a través do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que se adxunta.

O Prego consta de seis (6) partes. A primeira parte (Documento nº I) na que se establecen as condicións máis xerais do contrato e catro (4) anexos denominados:

- Anexo nº 1: Especificacións xerais relativas á definición, execución, medición e abono das operacións e unidades de obra.
- Anexo nº 2: Instrucións para programación, seguimento e información.
- Anexo nº 3: Especificacións particulares e orzamentos do contrato.
- Anexo nº 4: Condicións técnicas particulares sobre materiais, unidades de obra e verificacións.

A sexta parte (Documento nº II) na que se inclúe o Cadro de prezos das unidades de obra do contrato e dos elementos que as compoñen. Os prezos recollidos neste Documento nº II son prezos completos. Inclúen, nos termos establecidos no artigo 130 do RGLCAP (Cálculo dos prezos das distintas unidades de obra), tanto os custos directos como os custos indirectos de forma prorrateada, comprendendo todos os traballos directa ou indirectamente necesarios para a execución das actuacións que se definen no contrato. Así mesmo, estes prezos inclúen, conforme ao artigo 153 del RGLCAP (Prezos e gastos), todos os traballos, medios auxiliares e materiais que sexan necesarios para a correcta execución e acabado de calquera unidade de obra, aínda que non figuren todos eles especificados na descomposición ou descrición dos prezos.

O procedemento de licitación que se propón consiste na aplicación dunha porcentaxe de baixa a aplicar de forma xeral a todos os prezos unitarios dos cadros de prezos do PPTP do Documento nº II. O orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade mediante a realización das tarefas definidas no PPTP, é dicir, a baixa de adxudicación queda a disposición do contrato para realizar unha maior cantidade de operacións de conservación, reparación e pequena reforma, ata esgotar o orzamento do contrato.

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, fíxase en:

Descrición	Importe		Total
	Ano 1	Ano 2	
Orzamento de execución material	521.322,33 €	521.322,33 €	1.042.644,66 €
21 % de IVE	109.477,69 €	109.477,69 €	218.955,38 €
Total orzamento contractual (dous anos)	630.800,02 €	630.800,02 €	1.261.600,04 €

O orzamento asignado ao desenvolvemento do contrato por exercicios orzamentarios (anualidades) é o seguinte:

Periodo anual contractual	Exercicio orzamentario (anualidades)			Total
	2019	2020	2021	
Orzamento de execución material	434.435,28 €	521.322,33 €	86.887,06 €	1.042.644,66 €
21 % IVE	91.231,41 €	109.477,69 €	18.246,28 €	218.955,38 €
Total orzamento xeral por anualidades	525.666,68 €	630.800,02 €	105.133,34 €	1.261.600,04 €

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018
 O xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana



Concelleiro Delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal